

DE EUROGALICIA FORESTAL AO CEMITERIO DE RESIDUOS TOXICOS DE SOMOZAS

Algúns dos proxectos industrializadores da Xunta caracterizan-se polo elevado impacto sobre o medio ambiente e pola falta de perspectivas de cara o futuro. A planta de residuos tóxicos de Somozas era un complemento necesario as pretendidas indústrias celulósicas, que por sí soas xeneran mais de un tercio dos denominados residuos tóxicos e perigosos. Perguntamo-nos se o fracaso do plan celulósico, seriamente preconizado polo ecoloxismo, fará reconsiderar a instalación en Somozas dunha planta dese tipo.

Crise na industria de pasta de papel


As grandes multinacionais do papel abandonaron durante o 1992 a maior parte dos seus proxectos de plantacións e fábricas de celulosas previstos no Sudeste asiático. Mais perto de nós, a CELBI portuguesa (70% do capital da sueca Stora) ven de apresentar resultados negativos por primeira vez nos seus 25 anos de funcionamento e prepara para este ano a redución de 700 postos de traballo(1). Unha situación esta que non colle de novas á PORTUCEL, a outra grande fabricante de pasta e líder exportadora deste produto no país viciño, que leva xa tres anos en números vermellos, un mais que SOPORCEL (47% de Arjo-Wiggins-Appleton), fabricante neste caso tamén de papel, e que só leva dous anos perdendo. A situación das empresas españolas -non insistiremos nela porque é mais coñecida- é de todo semellante. E os analistas internacionais do sector non agoiran millores resultados para este ano. Para rematar, e por se algún lector da revista quere comprar pasta, debe saber que o momento é óptimo; a tonelada comezou o ano 1992 cotizando-se no mercado internacional a 470 ecus e rematou o ano en torno aos 360.

E por se fora pouco para os nosos celulófilos, monta-se na segunda metade do ano pasado toda a liorta do grupo KIO con TORRAS, accionista maioritario de EUROGALICIA FORESTAL, e esta empresa, benamada da nosa Xunta de Galiza, ve-se abandonada polo seu patrón maior Torras, que debía aportar mais dos 3/4 do capital, e que agora resulta que non vai aportar nada xa que se desentende do proxecto de instala-

ción da fábrica de celulosa nas Pontes.

O abandono de TORRAS caeu como ducha de auga fría na Xunta, que como temos dito muitas veces, redactara o Plan Forestal pensando en grande parte nas necesidades de fornecemento das dúas futuras celulosas. Isto explica os esforzos por buscar a entrada de outra multinacional que ocupase o lugar vacío, uns esforzos que, vista a situación internacional do sector, é difícil que dean froito. E se o chegan dar, vai ser a costa de lle dar á multinacional en cuestión a fábrica case gratis.

Parecer, pareceremos chinchas, pero o que deciamos nos números anteriores desta Revista, está-se a demostrar certo. A promoción do cultivo do eucalipto é non só recriminável desde o punto de vista ecolóxico, senón imprudente desde o económico mais convencional. Neste momento, a non ser que a Xunta mude radicalmente de política, está-se a pular un modelo forestal que básicamente pretende suministrar madeira de trituración a unhas fábricas que nen siquera está claro que se vaian a construír e que se o fan é gracias á subvención pública. Nós mesmos estaremos financiando a nosa degradación ambiental e por riba con risco de nen siquera podé-la vender. Unha vez mais, e despois de todo, Roma non paga traidores.



Planta de tratamento de residuos tóxicos e perigosos de Somozas

O concurso público para a construción da planta de Somozas foi simultáneo coa exposición pública do respectivo Estudo de Impacto Ambiental (E.I.A.). A manipulación e ocultamento de información (a documentación non estivo dispoñible durante todo o período de consulta) comeza xa no propio nome da planta, xa que non vai a tratar "residuos industriais", senón RESIDUOS TOXICOS E PERIGOSOS (RTP), que é como se lles denomina na normativa ao respecto.

Pero as irregularidades non fican aí. Aínda dentro do prazo de presentación de alegacións ao E.I.A., xa se tiña pechado o concurso para a obra. Isto presupuña a imposibilidade de ter en conta as alegacións que legalmente e en prazo se fixeron a construción desta planta. Particulares, grupos ecoloxistas, partidos políticos, sete concellos afectados e a Mancomunidad de Ferrolterra, así como algunhas empresas que dependen dos recursos naturais da zona, presentaron un total de 21 documentos de ALEGACIONES nos que se denuncia o impacto ambiental que esta instalación pode supor para toda a comarca.

Este cúmulo de irregularidades deu lugar a sucesivas denuncias públicas. Pero as autoridades "competentes" non se deron por interadas: o 22 de decembro, unha resolución da Consellería de Industria e Comercio axudicava-lle á empresa Cubiertas y MZOV S.A. a construción da planta, por un importe próximo aos 2.000 millóns de pesetas, para a que aínda non se tiña resolto o